* Tema: educación para o lecer.
Dous premios, de 1.500 euros cada un, aos traballos seguintes:
-Título: *A radio na aula: proxecto de radio escolar.*
Autor: Javier Estévez Ferreiro.
Centro: Colexio Divino Pastor, Vigo (Pontevedra).
-Título: *Colonias escolares do CEIP Mosteiro-Bembrive.*
Coord.: Ofelia Garrido Davila.
Centro: CEIP Mosteiro-Bembrive, Vigo (Pontevedra).

Tema:educacion ambiental e para a sustentabilidade.

Decláranse desertos os premios.

Resolución do 29 de decembro de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2005, sobre a revisión da contía da indemnización por uso de vehículo particular e a das axudas de custo en territorio nacional, establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

O Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día 29 de decembro de 2005 adopta, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o acordo que a seguir se especifica:

De conformidade co establecido na disposición derradeira cuarta do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia, e con efectos a partir do día primeiro de xaneiro próximo, actualízase a contía da indemnización por uso de vehículo particular en comisión de servizo e a das axudas de custo en territorio nacional, previstas, respectivamente, no artigo 14, punto seis, e no anexo II do devandito decreto, que quedan fixadas como segue:

Uso de vehículo particular, 0,19 euros por quilómetro percorrido.

Axudas de custo en territorio nacional (euros):

Por grupos	Por aloxamento	Por manutención	Axuda de custo enteira
1º	102,56	53,34	155,90
2º	65,97	37,40	103,37
3º	48,92	28,21	77,13
4º	48,92	28,21	77,13

Ordénase a publicación deste acordo, para os efectos do seu xeral coñecemento e aplicación.

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2005.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Resolución do 20 de decembro de 2005, da Dirección Xeral de Tributos, pola que se actualizan os anexos V, VI e VII da Orde do 30 de xuño de 1992, pola que se aproba o modelo de autoliquidación das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a utilización de efectos timbrados para o pagamento das taxas por servizos administrativos de compulsa de documentos e de verificación de suficiencia e documentos acreditativos de lexitimación.

As modificacións que a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia introduce na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, obrigan a revisar a codificación das tarifas das taxas para os efectos da súa xestión.

Por outra banda, a reestruturación orgánica da Xunta de Galicia producida neste ano supuxo a necesidade de modificar a codificación dos servizos xestores de taxas e prezos para efectos da súa recadación.

Finalmente, a Resolución do 22 de setembro de 2005, da Dirección Xeral de Tributos, pola que se lle concede á Ibercaja a condición de entidade colaboradora para a recadación dos tributos e outros ingresos de dereito público, provocou a necesidade de proceder á súa codificación para os efectos do pagamento das taxas e prezos.

O parágrafo 2 da disposición adicional da orde da Consellería de Economía e Facenda do 30 de xuño de 1992, pola que se aproba o modelo de autoliquidación das taxas da Comunidade Autónoma de Galicia e se establece a utilización de efectos timbrados para o pagamento das taxas por servizos administrativos de compulsa de documentos e de verificación de suficiencia e documentos acreditativos de lexitimación, engadido pola orde da Consellería de Economía e Facenda do 24 de marzo de 1998, pola que se modifican as ordes da Consellería de Economía e Facenda do 30 de xuño de 1992 e do 29 de xuño de 1994, autoriza a Dirección Xeral de Tributos a actualizar os anexos V, VI e VII da propia Orde do 30 de xuño de 1992.

Por todo iso, e en virtude do parágrafo segundo da disposición adicional da Orde do 30 de xuño de 1992,

RESOLVO:

Primeiro.-Actualizar a táboa dos códigos de consellerías e servizos recollidas no anexo V da orde da Consellería de Economía e Facenda do 30 de xuño de 1992, tal e como se relaciona a seguir:

04	Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza:	
01	Secretaría	
02	Escola Galega de Administración Pública	OA